



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Movimentos culturais e literarios do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

|                       |  |              |            |                    |
|-----------------------|--|--------------|------------|--------------------|
| Materia               | Movimentos culturais e literarios do primeiro idioma estranxeiro: Inglés   |              |            |                    |
| Código                | V01G180V01910  |              |            |                    |
| Titulación            | Grao en Linguas Estranxeiras   |              |            |                    |
| Descritores           | Creditos ECTS<br>6   | Sinale<br>OP | Curso<br>4 | Cuadrimestre<br>2c |
| Lingua de impartición | Inglés   |              |            |                    |
| Departamento          | Filoloxía inglesa, francesa e alemá  |              |            |                    |
| Coordinador/a         | Pérez Guerra, Javier   |              |            |                    |
| Profesorado           |  |              |            |                    |
| Correo-e              |  |              |            |                    |
| Web                   | <a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>  |              |            |                    |
| Descrición xeral      | Introdución á panorámica dos movementos literario-culturais do século XX, desde "a fin de século" ata o "Posmodernismo". |              |            |                    |

## Competencias

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| A1     | Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.  |
| A2     | Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.  |
| A3     | Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.   |
| A4     | Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.   |
| A5     | Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.   |
| B1     | Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz. |
| B2     | Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.   |
| B3     | Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.  |
| B4     | Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.   |
| B5     | Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.   |
| B6     | Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.  |

|      |   |
|------|---|
| B7   | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.          |
| B8   | Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.  |
| B9   | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.                               |
| B10  | Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.              |
| B11  | Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.                                  |
| B12  | Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.   |
| C193 | Identificar as principais achegas teóricas sobre os movementos literarios e culturais obxecto de estudo en canto a concepto, terminoloxía, tipoloxía, aspectos históricos, características principais, metodoloxía(s) de interpretación e calquera outra cuestión especificada no programa correspondente.  |
| C194 | Describir, analizar e comparar textos representativos de tales movementos e reflexionar sobre a interacción co contexto histórico, social e cultural en que se inscribe a súa produción e recepción.  |
| C195 | Formular razoamentos críticos derivados da análise das obras literarias e artísticas analizadas que conduza á adquisición dun método sólido de análise literaria-artística que trascienda a mera aproximación subxectiva e intuitiva aos textos obxecto de estudo.  |
| C196 | Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural nos países de fala inglesa, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos. |
| C197 | Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en inglés, formulando hipótese, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de maneira eficaz e válida, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.  |
| C198 | Localizar, seleccionar, organizar e avaliar información relevante relacionada co xénero(s) escollido(s) e cos textos a analizar máis profundamente, recorrendo a fontes bibliográficas ou recursos electrónicos.  |

## Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia   | Resultados de Formación e Aprendizaxe |     |      |
|---|---------------------------------------|-----|------|
| Coñecemento de conceptos, tipoloxías e características dos movementos literarios e culturais do primeiro idioma estranxeiro obxecto de estudo.  | A1                                    | B1  | C193 |
|   | A3                                    | B2  | C198 |
|   | A4                                    | B3  |      |
|   |                                       | B4  |      |
|   |                                       | B5  |      |
|   |                                       | B6  |      |
|   |                                       | B7  |      |
|   |                                       | B8  |      |
|   |                                       | B9  |      |
|   |                                       | B10 |      |
|   |                                       | B11 |      |
|   |                                       | B12 |      |
| Uso apropiado de terminoloxía e metodoloxía(s) para describir e analizar textos representativos dese xénero.  | A2                                    | B3  | C193 |
|   |                                       | B4  | C194 |
|   |                                       |     | C197 |
| Comprensión da interacción co contexto en que se inscribe a súa produción e recepción.  | A4                                    | B5  | C193 |
|   | A5                                    | B6  | C195 |
|   |                                       | B8  |      |
|   |                                       | B11 |      |
| Participación en debates e outras actividades formativas en grupo.  | A3                                    | B6  | C196 |
|   | A4                                    | B7  | C197 |
| Preparación de presentacións orais e traballos escritos que demostren a reflexión crítica do alumnado que sexa resultado dunha breve e sinxela labor investigadora, tal como expone nas competencias. | A3                                    | B9  | C195 |
|   | A4                                    | B12 | C196 |
|   |                                       |     | C197 |
|   |                                       |     | C198 |

## Contidos

Tema

|                    |  |
|--------------------|--|
| 1. O fin de século | 1.1 A novela do fin de século: a crítica da orde social e moral e o nacemento dun novo sistema de valores. "Case study": Extractos seleccionados de Jude the Obscure (1896)<br>1.2 "Art for art's sake": O esteticismo do fin de século e a súa influencia nos movementos posteriores<br>"Case study": selección poética de Oscar Wilde e Ernest Dowson  |
| 2. O impresionismo | 2.1 O impresionismo literario e a súa relación co impresionismo pictórico: características xerais.<br>2.2 A Ficción Impresionista: "The novel as a direct impression of life".<br>"Case Study": fragmentos seleccionados de Heart of Darkness  |
| 3. O modernismo    | 3.1 Contexto histórico e cultural: arte, pensamento e cultura do primeiro cuarto de século<br>3.2 Definición e características xerais.<br>3.2a "A search for a style": Problemática da definición--modernismo(s)<br>3.2b "No things in themselves and no absolute knowledge": modernismo vs realismo.<br>3.3 A novela modernista. "Case studies": Mrs Dalloway (1922), The Dead (1904)selección de fragmentos de A Portrait of the Artist as a Young Man (1914) e Ulysses (1922).<br>3.4. A poesía modernista."Case study": The Love Song of J. Alfred Prufrock (1916) e The Waste Land (1922) |
| 4. O Posmodernismo | 4.1 Contexto histórico e cultural do posmodernismo<br>4.2 Cara a unha definición do posmodernismo: Características formais e temas.<br>4.2a Arte e literatura posterior á Segunda Guerra Mundial. "Case study": Waiting for Godot (1954)<br>4.2b A novela posmoderna e a metaficción historiográfica. "Case Study" selección de fragmentos de The French Lieutenant's Woman (1969)<br>4.2c Posmodernidade e cultura contemporánea: "Case study": Selección de contos de Angela Carter (1996)   |

### Planificación

|                                       | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral                     | 22            | 10                 | 32           |
| Presentación                          | 6             | 40                 | 46           |
| Estudo de casos                       | 20            | 48                 | 68           |
| Probas de resposta curta              | 1             | 0                  | 1            |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 3             | 0                  | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                   | Descrición   |
|-------------------|--|
| Lección maxistral | Introdución e contextualización dos temas con referencias pormenorizadas ás características específicas de cada un dos subtemas e textos dos "case studies". |
| Presentación      | Presentación oral de 10 minutos previa selección dunha lista de posibles temas, acordada e supervisada pola profesora responsable.                           |
| Estudo de casos   | Comentario e análise dos textos seleccionados baixo o epígrafe "case studies" en cada un dos temas.  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                          | Descrición   |
|---------------------------------------|--|
| Presentación                          | Revisión por parte da profesora dos materiais e traballos xerados antes e despois das presentacións                                      |
| Probas                                | Descrición   |
| Probas de resposta curta              | Atenderase ao alumnado cara a preparación das probas de resposta curta durante o horario de titorías ao efecto                           |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Atenderase ao alumnado cara a preparación das probas de resposta longa a realizar nesta materia, durante o horario de titorías ao efecto |

### Avaliación

| Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|------------|---------------|---------------------------------------|
|            |               |                                       |

|                                       |   |    |          |          |  |
|---------------------------------------|---|----|----------|----------|--|
| Presentación                          | Presentación oral obrigatoria de 10 minutos en relación a un texto de lectura, previa consulta e acordo coa profesora responsable | 20 |          | B6<br>B7 | C197<br>C198                                 |
| Estudo de casos                       | Participación nas sesións de análises de textos   | 10 | A3       | B5       | C193<br>C194<br>C195                         |
| Probas de resposta curta              | Test de resposta curta  | 20 | A3       |          | C198   |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Elaboración de 2 ensaios longos escritos (25% cada un) a realizar na aula   | 50 | A3<br>A4 |          | C193<br>C194<br>C195<br>C196<br>C197<br>C198 |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado manterse atento á plataforma Faitic para ter acceso á información sobre datas de probas, sistema de avaliación e datos relevantes sobre o desenvolvemento do curso.

#### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación recomendada desta materia será **continua**, segundo o establecido arriba. A data de celebración das presentacións, será acordada coa alumnado na 2ª semana de clase (unha vez que o grupo estea constituído e consolidado) e terá lugar en horario de clase. A data de celebración das probas de resposta curta e longa terá lugar na data estipulada oficialmente no calendario de exames de maio.

O alumnado que non concorra á **avaliación continua será cualificado de acordo coa avaliación única**, que constitúe o 100% da cualificación e será avaliado exclusivamente mediante un exame teórico e práctico celebrado na data estipulada oficialmente no calendario de exames de maio.

#### SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Calquera alumna/o de avaliación continua que, ó final de curso, **non superase a avaliación continua/única** (sexa por notas insuficientes ou por non cumprimento) terá dereito a un exame final na 2ª edición de actas (xullo) que constitúe o **100% da cualificación**, exactamente nas mesmas condicións que o alumnado non asistente dende un principio. Ver Nota 1 e Nota 2.

NOTA 1: En ningún caso se contemplarán vías de avaliación intermedias entre os dous sistemas de avaliación (continua/única).

NOTA 2: Comezado o curso e obtidas as primeiras cualificacións no sistema de avaliación continua (presentación oral e proba curta), enténdese que este alumnado asume e acepta dito sistema para a 1ª edición de actas. Caso de abandonar máis tarde o sistema de A.C. a/o alumna/o só poderá optar a ser cualificado na 2ª edición de actas (xullo).

NOTA 3: O plaxio total ou parcial en calquera traballo de preparación autónoma suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento das implicacións do plaxio non eximirá ó alumnado da súa responsabilidade.

NOTA 4: Estas condicións de avaliación aplicaranse de forma idéntica ó alumnado ERASMUS, ISEP ou outro alumnado de intercambio que curse a materia. En atención ás competencias de materia e de titulación sobre valores democráticos e igualdade (competencias 1 e A2), non existirá ningún tipo de "discriminación positiva" cara ó alumnado de intercambio, calquera que sexan as súas circunstancias académicas na súas universidades de orixe.

É responsabilidade do alumnado manterse atento á plataforma Faitic para ter acceso á información sobre datas de probas, sistema de avaliación e datos relevantes sobre o desenvolvemento do curso.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Beckett, Samuel., **Waiting for Godot.**, Grove, 1954

Carter, Angela., **Collected Short Stories. (A Selection)**, Vintage, 1996

Conrad, Joseph., **Heart of Darkness**, Penguin, 1995

Eliot. T.S, **The Love Song of J. Alfred Prufrock** and **The Waste Land**, extracted from . The Norton Anthology of English L, 1993

Fowles, John., **The French Lieutenant's Woman ( selected chapters)**, Cape, 1996

Joyce, James, Penguin, 1992

Joyce, James, **A Portrait of the Artist as a Young Man: Text, Criticism and Notes (selected chapters)**, Viking, 1968

Woolf, Virginia., **Mrs. Dalloway**, Penguin, 1992

---

**Bibliografía Complementaria**

---

**The Norton Anthology of English Literature. vol. 2,**

---

---

**Recomendacións**

---

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401

Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01502

Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01601

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01602

---

**Outros comentarios**

---

O alumnado Alleo/Erasmus deberá consultar coa profesora a pertinencia da súa matrícula na materia en virtude da súa traxectoria académica previa na universidade de orixe.

Advírtese ao alumnado Alleo/Erasmus que o nivel de traballo e esixencia na materia require un coñecemento alto da lingua inglesa cunha capacitación adecuada de competencias de expresión oral e escrita ao nivel de 4º de Linguas Estranxeiras. A non satisfacción deste criterio pode afectar negativamente ao desenvolvemento e aos resultados do aprendizaxe na materia.

---